

CAMPAMENTO EDUCATIVO DE VERÁN 2019  
DO CONCELLO DE BARBADÁS  
AS SINAS- VILANOVA DE AROUSA

As presentes bases regularán o proceso de inscrición no campamento de verán que terá lugar en Vilanova de Arousa do **27 de agosto de 2019 ao 1 de setembro de 2019**.

**1. PRAZAS**

- Ofértanse 40 prazas para rapaces de 8 a 14 anos empadroados no concello.
- A adxudicación de prazas realizarase de forma **Directa**, por rigurosa orde de inscrición ata completar o número de prazas ofertadas.
- Realizarase unha inscrición paralela para **rapaces de 8 a 14 anos non empadroados** interesados en participar na actividade que poderán acceder ás prazas **só no suposto de que queden prazas vacantes**, de forma directa e na mesma forma do punto anterior.

**2. PRAZOS**

- O **prazo de inscrición** será do **12 ao 16 de agosto de 2019** (ámbolos dous incluídos)
- O **Luns, 19 de agosto** publicarase a **listaxe de admitidos** no taboleiro da Ludoteca do Parque da Solaina, e páxina web do concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).
- Os admitidos deberán realizar o **pagamento e presentar o xustificante de pago** na Casa da Cultura, **tendo de prazo para este trámite do 20 ao 23 de agosto de 2019**.
  - o A presentación do xustificante de pago suporá a confirmación da praza no campamento.
  - o A non presentación do xustificante de pago suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

**3. INSCRICIÓN**

- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nas Oficinas municipais da Valenzá, presentando a seguinte documentación:
  - o A folla de inscrición individual debidamente cumprimentada que se facilitará na casa da cultura ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura surte efectos de autorización para asistencia do menor á actividade.
  - o Volante ou certificado de empadroamento.
  - o O horario de presentación de solicitudes será de luns a venres de 8.30 a 14.30 horas da mañá.
  - o Os datos reflectidos na documentación deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

**4. PAGAMENTO**

- O **custo da praza** para os solicitantes que resulten admitidos é de 120 € por participante.
- O **custo da praza inclúe**: gastos de autobús, aloxamento, manutención, monitores/as, seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes os días do campamento.

- **O pagamento e presentación do xustificante** do pagamento deberá realizarse do **20 ao 23 de agosto de 2019**. (Os xustificantes presentaranse na Ludoteca Infantil, Parque da Solaina, A Valenzá, 32002 Barbadás)
- A non realización deste trámite suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.
- **O pagamento deberá realizar mediante ingreso ou transferencia bancaria no seguinte número de conta:**  
**ABANCA (A VALENZÁ): ES21- 2080-5342-5431-1000-9242**  
 \*Deberán indicar como concepto: “Campamento As Sinas 2019” e o nome apelidos do/a menor.
- Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 24 horas do inicio da actividade.

## **5. DATA E HORARIOS DA ACTIVIDADE**

- A actividade terá lugar do día 27 de agosto de 2019 ao 1 de setembro de 2019 no Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa).
- Todos os país/nais ou e/ou deberán entregar aos monitores a tarxeta sanitaria orixinal antes do inicio da viaxa.
- Establecerase un servizo de autobús que recollerá aos excursionistas ás 9.00 h da mañá do día 27 de agosto de 2019 na Avda. Celanova da Valenzá (diante do gimnasio Golfiños).
- O regreso será o 1 de setembro de 2019 ás 19.00 horas da tarde chegando ao punto de orixe ás 21.00 horas aproximadamente.

## **6. ORGANIZA**

**CONCELLO DE BARBADÁS**

**Tel. : 988391526**

[www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)

***As cuestións de dúbida, interpretación, ou cambios derivados de imprevistos que xurdan durante o desenvolvemento serán resoltas pola Concellaría de Educación.***

***A Concellaría de Educación resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento do evento.***

***A participación no CAMPAMENTO EDUCATIVO DE VERÁN 2019 DO CONCELLO DE BARBADÁS AS SINAS-VILANOVA DE AROUSA implica a aceptación das presentes bases.***